

Apelidos e nome: Gil Vázquez, Fernando.
DNI: 32788436-G.
Total: 0,00.

Apelidos e nome: Otero Rego, David.
DNI: 32794849-T.
Total: 0,00.

CONSELLERÍA DE XUSTIZA, INTERIOR E RELACIÓNS LABORAIS

Orde do 29 de novembro de 2002 pola que se anuncia convocatoria pública para a provisión, polo sistema de libre designación, dun posto de traballo vacante na Consellería de Xustiza, Interior e Relacións Laborais.

De conformidade co establecido no artigo 27.2º da Lei 4/1988, do 26 de maio, da función pública de Galicia, reformada polas leis 4/1991, do 8 de marzo, e 3/1995, do 10 de abril, e nos artigos 16 e 17 do Decreto 93/1991, do 20 de marzo, e en uso das atribucións conferidas polo artigo 15.4º da mesma lei, esta consellería

DISPÓN:

Primeiro.-Anuncia-la convocatoria para cubrir, polo sistema de libre designación, o posto de traballo que se indica no anexo I desta orde.

Segundo.-Poderán concorrer a ela os/as funcionarios/as de carreira que reúnan as condicións que para o posto de traballo se sinalan no anexo I.

Terceiro.-As solicitudes para participar na presente convocatoria presentaranse no rexistro xeral da Consellería de Xustiza, Interior e Relacións Laborais (edificio administrativo de San Caetano, bloque 5, 3ª planta, 15711 Santiago de Compostela), nas súas delegacións provinciais ou nas oficinas previstas no artigo 38 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, no prazo de 15 días contados a partir do seguinte ó da publicación desta orde no *Diario Oficial de Galicia*, segundo o modelo que se inclúe como anexo II.

Cuarto.-Os/as aspirantes deberán unirlle á petición un currículo vitae xustificando documentalmente os méritos que aleguen.

Os méritos alegados e non probados da maneira sinalada no parágrafo anterior non se terán en conta.

Quinto.-No caso de que resulte seleccionado/a para ocupa-lo posto de traballo que se relaciona no anexo I desta orde, un/ha funcionario/a con destino noutras administracións, requirirase o informe favorable do departamento onde preste servicios, considerándose favorable de non emitirse no prazo de quince días, segundo o preceptuado no artigo 67 do Real decreto 364/1995, do 10 de marzo. Unha vez tramitado o seu traslado a esta Comunidade Autónoma procederase a adxudicarlle o posto para o que foi seleccionado. Se no prazo de dous meses a partir da publicación no DOG, o/a funcionario/a seleccionado/a non se puidese incorporar á Comunidade Autónoma, considerárase deserto o posto e poderase proceder de novo a súa provisión.

Sexto.-A resolución desta convocatoria farase pública no DOG e poderá, de considerarse oportuno, declararse deserto o posto de traballo.

Sétimo.-O prazo de toma de posesión será de tres días hábiles se o destino anterior radica na mesma localidade do novo, e dun mes se radica en localidade distinta ou comporta o reingreso ó servizo activo. O prazo de toma de posesión empezárase a contar a partir do día seguinte ó do cesamento, que se deberá producir dentro dos tres días hábiles seguintes ó da publicación da resolución no DOG, agás no caso de procedencia doutras administracións, que deberá efectuarse dentro dos tres días hábiles seguintes ó da resolución do traslado á Comunidade Autónoma, co límite dos dous meses ó que se fai referencia no punto quinto desta orde. Se a resolución comporta o reingreso ó servizo activo, o prazo de toma de posesión deberá computarse desde o día seguinte ó da publicación da resolución no DOG.

Oitavo.-Contra esta orde, que pon fin á vía administrativa, os interesados poderán interpor recurso contencioso-administrativo, perante o Xulgado do Contencioso-Administrativo competente no prazo de dous meses contados a partir do día seguinte ó da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*.

Santiago de Compostela, 29 de novembro de 2002.

Antonio Pillado Montero
Conselleiro de Xustiza, Interior e Relacións Laborais

ANEXO I

Código do posto: XUC040000115770001.

Denominación do posto: subdirector/a xeral de Traballo.

Grupo: A.

Nivel: 30.

C. específico: 14.777,52

Corpo ou escala: xeral.

Adscrición admón. públ.: A11.

Formación específica: 523-640.

Dependencia: Dirección Xeral de Relacións Laborais.

Localidade: Santiago de Compostela

ANEXO II
MODELO DE SOLICITUDE

DATOS PERSOAIS

Primeiro apelido		Segundo apelido		Nome	
DNI	Data de nacemento	Corpo ou escala á que pertence		Grupo	Nº de R. P.
Domicilio, rúa e nº		Provincia	Localidade	Teléfono	
DESTINO ACTUAL					
Consellería			Dependencia		Localidade

SOLICITO: ser admitido/a na convocatoria para prover postos de traballo pola sistema de libre designación, anunciada pola orde, ó considerar que reúno os requisitos esixidos para tomar parte, para o posto de traballo que se indica:

Designación do posto de traballo	Nivel C. destino	Centro directivo ou unidade de que depende	Localidade

Tempo de servizos prestados

No corpo actual	Anos	Meses	Días

Noutros corpos	Anos	Meses	Días
No actual posto de traballo			

Outros destinos anteriores

Días

Meses

Anos

Títulos académicos

.....

.....

.....

.....

Coñecemento da lingua galega

	Fala	Escribe	Entende

Outros méritos que deban facerse constar de acordo coas bases da convocatoria

.....

.....

.....

.....

Outros méritos que o/a candidato/a desexa facer constar:

.....

.....

.....

(Lugar, data e sinatura)

Conseleiro de...

CONSELLERÍA DE ASUNTOS SOCIAIS

Orde do 28 de novembro de 2002 pola que se convoca a provisión, polo sistema de libre designación, de dous postos de traballo vacantes na Consellería de Asuntos Sociais.

De conformidade co establecido no artigo 27.2º da Lei 4/1988, do 26 de maio, da función pública de Galicia, modificada pola Lei 3/1995, do 10 de abril, e no artigo 16 do Decreto 93/1991, do 20 de marzo, polo que se aproba o Regulamento de provisión de postos de traballo, promoción profesional e promoción interna, e en uso das atribucións conferidas polo artigo 15.4º da mesma lei, esta consellería

DISPÓN:

Primeiro.-Anuncia-la convocatoria para cubrir, polo sistema de libre designación, os postos de traballo que se indican no anexo I.

Segundo.-Poderán concorrer a eles os funcionarios de carreira que reúnan as condicións sinaladas no anexo I.

Terceiro.-As solicitudes para participar nesta convocatoria presentaranse no rexistro xeral da Consellería de Asuntos Sociais (edificio administrativo San Lázaro, s/n, Santiago de Compostela), nas súas delegacións provinciais ou nas oficinas previstas no artigo 38 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, no prazo de 15 días, contados a partir do seguinte ó da publicación desta orde no *Diario Oficial de Galicia*, segundo o modelo que se inclúe no anexo II.

Cuarto.-Os aspirantes deberán unirlle á petición un currículo vitae e xustificar, mediante certificación ou copia compulsada, os méritos que aleguen.

Quinto.-Esta convocatoria será resolta pola Consellería de Asuntos Sociais. No caso de que resulte seleccionado para ocupa-lo posto de traballo que se anuncia no anexo I desta orde un funcionario con destino noutra Administración ou que estea nesta Comunidade Autónoma como consecuencia dunha

comisión de servizos concedida conforme o disposto na disposición transitoria oitava, punto 4º, da Lei 30/1984, do 2 de agosto, requirirase informe favorable da Administración de orixe que, de non emitirse no prazo de 15 días naturais e tal como dispón o artigo 67 do Real decreto 364/1995, do 10 de marzo, se considerará favorable. Unha vez tramitado o seu traslado a esta Comunidade Autónoma, procederase á adxudicación do posto para o que foi seleccionado.

Sexto.-A resolución desta convocatoria farase pública no DOG e poderá declararse deserto o posto de traballo, de considerarse oportuno.

Sétimo.-O prazo de toma de posesión será de tres días, se o destino anterior está na mesma localidade do novo destino, e dun mes, se está en localidade distinta ou comporta o reingreso ó servizo activo.

O prazo de toma de posesión empezará a contarse a partir do día seguinte ó do cesamento, que deberá producirse dentro dos tres días seguintes ó da publicación no DOG, ou desde a data na que se comunique a resolución do traslado á Comunidade Autónoma, para o caso de funcionarios doutras administracións públicas.

Se a resolución comporta o reingreso ó servizo activo, o prazo de toma de posesión empezará a contarse a partir do día seguinte ó da publicación da resolución no DOG.

Oitavo.-Contra esta orde, que esgota a vía administrativa, os interesados poderán interpoñer recurso potestativo de reposición ante esta consellería, no prazo dun mes contado desde o día seguinte ó da súa publicación no DOG, de conformidade co establecido na Lei 30/1992, do 26 de novembro, na súa nova redacción dada pola Lei 4/1999, do 13 de xaneiro, ou poderán impugna-la directamente perante o xulgado do contencioso-administrativo competente no prazo de dous meses contados a partir da mesma data, segundo o establecido na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdicción contencioso-administrativa.

Santiago de Compostela, 28 de novembro de 2002.

Corina Porro Martínez
Conselleira de Asuntos Sociais

ANEXO I

Denominación	Código	Nivel	Complemento específico	Gr.	Corpo/escala	Adscr. adm. p.	Tit. acad.	Formación específica	Centro destino	Localidad
Inspector de Servizos Sociais	AS.C02.00.002.15770.023	25	7.606,08	AB	Xeral	A11	2998-3001-3024-3030-3041	640	S.G. de Administración e Inspección	Santiago de Compostela
Xefe do Servizo de Pres-tacións	AS.C04.00.001.15770.030	28	10.865,64	AB	Xeral	A11		640	S.G. de Inclusión Social y Cooperación con las CC.LL.	Santiago de Compostela

-Descrición códigos da adscrición as administracións públicas:

A11: adscrición indistinta a funcionarios da Administración da Xunta de Galicia, Administración do Estado, Administración das comunidades autónomas.

-Descrición de códigos de titulación académica:

2998: titulado superior.

3001: arquitectura técnica.

3024: graduado social.

3030: asistente social.

3041: diplomado traballo social.

-Descrición códigos de formación específica:

640: para persoal doutra Administración, curso de perfeccionamento de galego (requisito indispensable).